



## SEGURO DOS ACCIDENTES DEPORTIVOS TEMPADA 2022 / 2023

Tomador do seguro: "Agrupación Deportiva Vigo" Competición "Vigo en Xogo" 2022 / 2023

Compañía aseguradora: AXA Número de Poliza 84830869

Duración; Dende o 1 de setembro do 2022 ata o 17 de xullo de 2023

CENTRO CONCERTADO HOSPITAL POVISA

URXENCIAS: Rúa Barcelona, 57, 59 - Vigo Teléfono 986 41 31 44

### GARANTIAS

Falecemento por accidente 3.000,00 €  
Incapacidade permanente parcial por accidente 3.000,00 €

Gastos médicos Hospitalarios **ILIMITADOS** no centro concertado POVISA.

\*Cun límite de tempo de ata 12 meses dende a data do accidente deportivo.

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS EN CASO DE LESIÓN

O protocolo a seguir no caso de lesión e necesidade de asistencia médica sanitaria cuberta pola compañía aseguradora é o seguinte:

- a) O delegado do equipo no partido solicitaralle ao árbitro que dita lesión sexa reflectida na acta.
- b) O xogador lesionado deberá acudir ao servizo de urxencias no centro concertado polo seguro, nun prazo máximo de **48 horas** dende a ocorrencia do accidente.
- c) O lesionado ten só o prazo de **48 horas** dende a ocorrencia da súa lesión, para que sexa atendido no centro concertado **POVISA**. No caso de acudir forá deste prazo a Compañía Aseguradora, non se fara cargo dos gastos derivados pola atención sanitaria prestada.
- d) O lesionado deberá levar obrigatoriamente a seguinte documentación:  
**O parte de accidente, a súa Licenza e a copia da Acta donde conste a súa lesión.**  
**O parte de accidente lle será entregado polo árbitro e terá que cubri-lo lesionado.**
- e) No caso de que non presente acta por non haber rematado o partido ou algunha documentación, terá que entregala no prazo máximo de **48 horas**, dende a ocorrencia da lesión. No caso de non facelo o Hospital lle poderá reclamar os gastos orixinados polo atender.
- f) O xogador accidentado terá que desplazarse polos seus propios medios.
- g) Só en casos de **urxencia vital** ou de **extrema urxencia** estarán cubertos os traslados do accidentado en ambulancia.

De producirse este caso, terá que ser o delegado no partido o que chame a ambulancia para o traslado do lesionado. Teléfono: 061 ou chamar ao servizo de urxencias 112.

- h) Unha vez que ao lesionado/a lle den a alta medica, para poder volver a xogar de novo, tén que entregala na oficina da organización, antes do xoves anterior ao partido.
- i) No caso de que lle den a alta medica, despois do mercores, a tén que entregar ao árbitro do partido, ou na oficina, o lúns antes das 20.30 horas. No caso de non cumprir esta norma, será sancionado.

## COBERTURA E RISCOS CUBERTOS

A compañía Aseguradora se fara cargo dos gastos orixinados do accidentado pola lesión/s acaecida/s durante a disputa dun partido, sempre e cando dita lesión fose reflectida na acta polo árbitro do partido, a **atención médico-sanitaria inclúe os seguintes servizos**

- a) Servicio de urxencias.
- b) Consultas médicas.
- c) Probas diagnósticas, con a conseguinte prescripción médica.
- d) Intervencións quirúrxicas.
- e) Material de osteosíntese.
- f) Estancia hospitalaria.
- g) Rehabilitación.
- h) Limite dos gastos en odonto-estomatoloxía de **240,00.-€**.

## RISCOS EXCLUIDOS

- a) As lesións ou padecementos crónicos e/ou dexenerativos.
- b) As lesións preexistentes.
- c) Os danos en prótesis, plastias e material de osteosíntese preexistentes.
- d) Os gastos da farmacia extra-hospitalaria.
- e) Os gastos do transporte.
- f) As hernias que non sexan producidas polo esforzo súbito.
- g) As insolacións
- h) Toda lesión corporal que non fose derivada por unha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado.
- i) *As lesións producidas no caso de agresións ou de desordes orixinados, antes, durante ou despois dun partido.*
- j) Os danos producidos baixo os efectos do alcohol, drogas ou estupefacentes non prescritos medicamente
- k) Quedan expresamente excluídos, cando foran declarados como accidente de traballo pola Seguridade Social: as enfermidades de calquera natureza, incluso o infarto de miocardio, os derrames cerebrais, embolias, accidentes cardiovasculares así como as lesións e outras consecuencias debidas a operacións, inxeccións ou tratamentos médicos.
- l) As lesións ou accidentes producidos nos desprazamentos dende o domicilio do asegurado aos terreos de xogo e viceversa.
- m) As lesións ou accidentes producidos en competicións non organizadas pola **Agrupación Deportiva Vigo**.
- n) Calquera indemnización pola rotura de lentes, aparellos dentais, roupa ou calquera outro obxecto, aínda que esta sexa consecuencia do accidente cuberto polo contrato.
- ñ) Non serán cubertas as asistenciais médicas prestadas nos centros de Seguridade Social ou realizadas noutros centros médicos non concertados pola compañía aseguradora, **AXA**, agas **urxencias vitais**, polo que deberan ser aboadas polo propio lesionado, no caso de acudir a outros centros sin ser unha lesión con risco de falecemento.

**No caso de dúbida contactar co mediador do Seguro, Jaime Alvarez 655 15 72 25)**